“Poñédevos en camiño”

Lucas 10,3

25 Junio

ASEMBLEA DIOCESANA DE PASTORAL DE FINAL DE CURSO

Archidiócesis de Santiago de Compostela

COMO TUS BRAZOS

Como tus brazos
Aquí estamos ya junto a Ti,
hoy nos has llamado a caminar,
y has querido Tú estar aquí,
porque nos amas.

La esperanza que Tú nos das,
dentro de nosotros fuego es,
nos ayudará a incendiar,
y a dar amor a todos.

El camino no lo haremos solos,
con nosotros caminarás,
junto a Ti seremos
como Tus brazos,
abiertos a la humanidad.
Y cuando el andar se nos haga duro
con nosotros siempre estarás.
Llevaremos a todos Tu mensaje,
anuncio de paz y de amor.

Gran testigo de la verdad,
y de la justicia defensor,
vas como una luz y no
te has de cansar de amar.

Eres Tú un amigo muy fiel,
siempre vives por la humanidad,
tienes gran predilección
por los que están lejanos.

LITURXIA DA PALABRA

- **Proclamación do Evanxeo segundo san Lucas**

Despois disto, designou o Señor outros setenta e dous, e mandounos diante del, de dous en dous, a todas as aldeas e lugares onde pensaba ir el. E dicíalles: «A anada é ben boa, pero os xornaleiros son poucos; así que rogádelle ao dono da colleita que mande xornaleiros á súa ceifa. Poñédevos en camiño! Mirade que vos envío como cordeiros no medio de lobos. Non levedes bolsa, nin alforxa, nin sandalias; e non saudedes a ninguén polo camiño. Cando entredes nunha casa, dicide primeiro: "Paz a esta casa". E se alí hai xente de paz, descansará sobre eles vosa paz; se non, volverá a vós. Quedade na mesma casa, comendo e bebendo do que teñan: porque o obreiro merece o seu salario. Non andedes cambiando de casa en casa. Se entrades nunha cidade e vos reciben, comede o que vos poñan, curade os enfermos que haxa nela, e dicídelles: "O reino de Deus chegou a vós". Pero se entrades nunha cidade e non vos reciben, saíndo ás súas prazas, dicide: "Ata o po da vosa cidade, que se nos pegou aos pés, sacudímolo sobre vós. De todos os xeitos, sabede que o reino de Deus chegou".

- **Reflexión compartida**

--- Imaxe
Voz 1: Durante a pandemia non nos sentimos abandonados. É verdade que experimentamos "o silencio enxordecedor e o baleiro desolador" que cambiou todo ao noso redor. Pero nunca nos sentimos sos.

--- Imaxe
Voz 2: Como tampouco agora non nos envías sos. Estás connosco. Es compañeiro de camiño

--- Imaxe
Voz 1: A anada é ben boa... novamente convídasnos a traballar no teu campo, que é o mundo.

Voz 2: Hai moito por facer, aquí estamos cun corazón aberto, cunha actitude misioneira.

---Imaxe
Voz 1: Sabemos que o camiño non vai ser fácil... convídasnos a deixar as nosas autosuficiencias, deixar de pensar que nos bastamos a nós mesmos.

Voz 2: Pero, aquí estamos para levar a túa Palabra, non por estar seguros de si, senón porque estamos certos que Ti nos defenderás e sosterás.

---Imaxe
Voz 1: Convídanos a comprometernos cos irmáns e a comunidade. Ide á nosa casa común, e crear espazos con novas formas de fraternidade e solidariedade.

Voz 2: Deixamos atrás o medo, contigo atrevémonos a saír da propia comodidade para chegar a todas as periferias que necesitan a luz do Evanxeo (cfr. EG 20).

---Imaxe
Voz 1: Exhórtasnos a non quedarnos de brazos cruzados, a "abrazar todas as realidades e contrariedades presentes",

Voz 2: Abandonando por un instante o noso "afán de omnipotencia para darlle espazo á creatividade que só o Espírito é capaz de suscitar".

Voz 1: "Na túa Cruz fomos salvados para hospedar a esperanza".

Voz 2: Quérenos esperanzados, pois anunciamos que o Reino de Deus xa chegou, xa está no medio de nós. "Abrazámoste Señor, para abrazar a esperanza".

Acordes da canción: **Nos teus brazos...**

ORACIÓN DOS FIEIS

Presidente:
Reunidos no teu nome Señor, e facendo camiño xuntos, presentámosche as nosas arelas e esperanzas.

Resposta a cada petición: Retrouso: “o camiño no o faremos sos...”

(Diversas persoas da asemblea)

- Ao terminar este curso pastoral, queremos lembrar a todas as persoas que colaboraron na diocese en cada unha das actividades pastorais.

- Gustaríanos, Señor, que nos axudases a recoñecer todas as cousas que aínda quedan por facer, distinguir o urxente, o importante e o necesario.

- Aínda que o camiño sexa complicado, aínda que ás veces non vexamos con claridade, non nos deixes caer no conformismo, na desgana.

- Sempre o dicimos, pero cústanos poñelo en práctica: hoxe podemos comprobar que non somos illas, formamos parte dunha gran comunidade, dunha gran familia. Que saibamos comprometernos de verdade cos irmáns e a Igrexa.

- Desde que recibimos o Bautismo convídasenos a poñer os nosos dons ao servizo da Igrexa e do mundo: anima o noso ser a non quedarnos de brazos cruzados cando hai tanto por facer.



ORACIÓN FINAL

Monición:
Aínda que chegue o cansazo, ou sintamos que todo ao noso redor nos convida a tirar a toalla, pidamos xuntos ao Señor para que non caiamos na desesperanza. Por iso unirémonos e recitaremos a seguinte oración a dous coros

(Asemblea a dous coros)

Coro 1
Envíame sen temor, que estou disposto.
Non me deixes tempo para inventar escusas,
nin permitas que intente negociar contigo.
Envíame, que estou disposto.
Pon no meu camiño xentes, terras, historias,
vidas feridas e sedentas de ti.
Non admitas un non por resposta.

Coro 2
Envíame; aos meus e aos outros,
aos próximos e aos estraños
aos que te coñecen e aos que só te soñan
e pon nas miñas mans o teu tacto que cura;
nos meus beizos o teu verbo que seduce;
nas miñas accións a túa humanidade que salva;
na miña fe a certeza do teu evanxeo.
Envíame, con tantos outros que, cada día,
converten o mundo en milagre.

Todos:
Sei que non existe o camiño, este faise ao andar. Non teremos receitas pastorais, pero na túa palabra poñerémonos en camiño, agora toca andar.

Canción - retrouso: **O camiño non o faremos sos...**

Notas

Notas